

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER DO CONCELLO DE MARÍN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na configuración dunha política integral de promoción da muller, o papel da Administración local é fundamental como ámbito máis próximo aos cidadáns, constituíndo un espazo axeitado para coñecer as demandas, necesidades e recursos da poboación do municipio.

A conformación dunha verdadeira política integral precisa da consolidación de instrumentos específicos de xestión e coordinación que posibiliten unha eficaz e eficiente actuación municipal na materia, e un deses instrumentos son os órganos de participación das asociacións de mulleres, como canle inmediata de participación cidadá en todos os asuntos relacionados coa muller.

A integración e a participación son, entre outros, os principios orientadores das accións incorporadas ás políticas do 1º Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Marín aprobado por acordo plenario o 11 de febreiro de 2005. Ambos principios presiden a creación do Consello Municipal da Muller do Concello de Marín.

O citado Plan na área de educación en valores, cultura, deporte e participación social, establece como actuacións do primeiro obxectivo:

“Apoiar as asociacións existentes no Concello e, en particular, fomentar o asociacionismo feminino”.

Así mesmo, entre os órganos de seguimento e avaliación do Plan, prevese a creación dunha “comisión integrada por técnicos e técnicas da Administración local e doutras administracións, membros dos diferentes grupos políticos con representación municipal e representantes do movemento asociativo”, en definitiva, a creación do “Consello Municipal da Muller”.

Así, o Consello Municipal da Muller constitúese como un consello de carácter consultivo que desenvolve estados, informes e propostas relacionadas coas iniciativas municipais de pulo polo principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida política, económica e social do municipio e con implantación en todo o termo municipal de Marín.

ARTIGO 1º FUNCIONES

1. Estudiar e emitir informes sobre temas que se consideren de interese para a muller.
2. Promover a cooperación con asociacións de mulleres, organizacións non gobernamentais e outras organizacións que traballen en favor da igualdade de oportunidades, así como

pular pola participación das mulleres en todos os ámbitos.

3. Promover as actividades e iniciativas do Concello relacionadas coa igualdade de oportunidades, derivadas das análises, estudos e demandas realizadas sobre temas relativos á muller e potenciar a coordinación entre as institucións que traballen na consecución deste obxectivo no municipio.
4. Analizar as actuacións e intervencións que no ámbito da muller se produzan no concello para darlles resposta.
5. Velar pola incorporación da condición de sexo e a igualdade de oportunidades no desenvolvemento das políticas municipais.
6. Fomentar o asociacionismo entre mulleres, promovendo a súa integración e participación no tecido asociativo do concello de Marín.
7. Informar, debater e difundir temas sobre os dereitos das mulleres.
8. Facilitar a presenza e participación das mulleres en todos os ámbitos intentando conseguir a paridade nas institucións.
9. Contribuír á prevención e eliminación da discriminación de sexo e denunciar as condutas de discriminación que se produzan coas mulleres.
10. Promover a elaboración e divulgación de estudos sobre a situación da muller no Concello de Marín.
11. Propoñerlle actuacións e acordos ás diversas Concellerías, á Corporación, aos consellos municipais e cantas outras institucións coincidan coas súas actuacións no interese da muller.
12. Participar na elaboración dos futuros plans municipais de igualdade de oportunidades para as mulleres do concello de Marín e, unha vez aprobado polo Pleno, levar a cabo o seguimento, propoñer e darlles pulo as accións encaminadas a cumprir os seus obxectivos ou calquera outra función relacionada coa súa execución.

O Concello facilitará e garantirá as medidas axeitadas para o cumprimento destas funcións.

Estas funcións exerceranse mediante a emisión de informes ou propostas e a realización de actividades. Os informes e propostas non terán carácter vinculante para os órganos de goberno municipais.

ARTICO 2º COMPOSICIÓN

- Presidencia: persoa que ocupe a Alcaldía ou concelleiro/concelleira en que delegue.
- Un/unha representante de cada grupo municipal existente na Corporación.

- Unha representante de cada unha das asociacións de mulleres do municipio que deberán estar inscritas como tales no Rexistro de Asociacións municipal e serán elixidas polas asociacións que representan.
- Dous representantes elixidos entre as asociacións de veciños que contén con vogalía de muller e estean inscritas no Rexistro de Asociacións Municipal. Estes representantes serán escollidos en cada asociación e posteriormente elixirán a dous que formen parte do Consello.
- Un/unha representante de cada unha das secretarías da muller dos sindicatos con representación no noso municipio, elixidos/as polos sindicatos que os representan.
- Unha representante do Centro de Información ás Mulleres con voz pero sen voto.
- Unha representante dos Servizos Sociais do Concello con voz pero sen voto.
- Unha representante do Servizo Galego de Igualdade.

Actuará como secretaria unha funcionaria municipal que asista ás sesións con voz pero sen voto.

Por cada integrante do Consello poderán asignarse un/unha suplente, que asista ás xuntanzas e que participe das tarefas de titular pola ausencia xustificada deste.

A composición do Consello Municipal da Muller poderán renovarse, aínda que poden ser designadas as mesmas persoas, cando se renove a Corporación Municipal, e no prazo máximo de catro meses despois de constituída.

ARTIGO 3º PERDA DA CONDICIÓN DE INTEGRANTE DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

- Por falecemento, vontade propia ou renuncia expresa.
- Por revogación por parte da entidade a que se representa.
- Por causar baixa no Rexistro de Asociacións municipal.
- Por falta inxustificada tres veces consecutivas ao Pleno do Consello Municipal da Muller.
- Por calquera incumprimento grave e reiterado do presente Regulamento e das súas obrigacións como integrante do Consello Municipal da Muller.

ARTIGO 4º ÓRGANOS DO CONSELLO

O Consello Municipal da Muller do Concello de Marín contará cos seguintes órganos:

1. Cargos unipersoais de responsabilidade:
 - Presidencia.
 - Vicepresidencia.

2. Secretaría.
3. O Pleno.

ARTIGO 5º DA PRESIDENCIA

Asumirá as seguintes funcións:

- Convocar, presidir e moderar as sesións.
- Preparar a orde do día.
- Ordenar os debates, someter a votación os acordos e dirimir en caso de empate.
- Executar os acordos do Consello.
- Velar pola correcta aplicación do Regulamento de participación e presente normativa.

ARTIGO 6º VICEPRESIDENCIA

A elixir por maioría absoluta na primeira votación ou maioría simple na segunda, entre as persoas que formen parte do Consello Municipal da Muller na primeira sesión da súa constituición.

Asumirá as seguintes funcións:

- Substituír a Presidencia en caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra circunstancia que impida a súa presenza.
- Exercitar aquelas funcións que delegue a Presidencia.
- Auxiliar a Presidencia cando esta o requira.
- Aquelas outras funcións que lle encomende o Pleno do Consello.

ARTIGO 7º A SECRETARÍA

E o órgano ao que lle compete a xestión administrativa e técnica das actas do Pleno.

Asumirá as funcións da Secretaría que se relacionan a seguir, un/unha funcionario/funcionaria municipal que asista ás sesións con voz pero sen voto:

- Confeccionar e enviar as convocatorias das sesións.
- Redactar a acta de cada sesión que serán asignadas por ela co visto e prace da Presidencia.
- Realizar aquelas outras funcións que lle encomende o Consello.

ARTIGO 8º O PLENO DO CONSELLO

O Pleno é o órgano superior do Consello Municipal da Muller e estará integrado pola totalidade dos/das compoñentes referidos no art. 2º.

A. CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIAS

Para a súa constituición necesítase que asistan a metade máis un dos/das integrantes, ademais da Presidencia e Secretaría. No caso de que non se cumpra este requisito ampliárase o prazo en 48

horas a contar a partir do seguinte día hábil. Será convocado:

- Con carácter ordinario unha vez cada catro meses, cunha antelación mínima de cinco días sobre a data da xuntanza.

Con carácter extraordinario cantas veces o decida a Presidencia, ou así o soliciten as 3/5 partes dos/das compoñentes no prazo máximo dos tres días hábiles seguintes á data de entrada da solicitude.

En cada unha das sesións ordinarias fixarase a data e hora da seguinte reunión.

B. SESIÓNS

O voto no Pleno do Consello será persoal e indelegábel. A efectos da votación correspondente considerárase que se absteñan os membros do consello que se ausentaran da sesión unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación.

Poderán asistir as sesións persoal experto na materia obxecto de deliberación con voz pero sen voto.

Nas sesións, os acordos serán adoptados, como regra xeral, por maioría simple e votación ordinaria. En caso de empate, efectuarase outra nova votación e de persistir decidirá o voto de calidade da Presidencia.

Ao comezo das sesións a orde do día servirá como introducción ao debate.

Cando nas sesións se aborden temas relativos a persoas deberá gardarse total confidencialidade.

As actas terán carácter de documento público.

ARTIGO 9º AS COMISIÓNS DE TRABALLO

No caso de que fose necesario o estudo en detalle dun tema determinado, o Consello Local da Muller decidirá a constitución de comisións de traballo con carácter temporal ou permanente, para a elaboración de informes e propostas e a realización das actividades pertinentes.

A Presidencia, logo de vista e aprobada pola maioría do Consello a proposta, nomeará a coordinadora de cada comisión, que pola súa vez, debe formar parte do Consello Municipal da Muller.

Serán competencias da coordinadora, impulsar e coordinar as actividades da comisión de traballo correspondente así como, exercer a súa representación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

PRIMEIRA

Acordarase a orde do día da convocatoria do primeiro Pleno do Consello que se deberá convocar nun prazo máximo de 4 meses desde a aprobación deste Regulamento polo Pleno do Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA

O Consello Municipal da Muller aprobará a súa composición, que deberá ser posteriormente ratificada polo Pleno da Corporación Municipal. Aseme de aprobará o seu calendario anual de xuntanzas ordinarias.

SEGUNDA

A modificación total ou parcial deste Regulamento así como a disolución do Consello correspóndelle ao acordo plenario do Concello de Marín.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, aprobado por acordo plenario entrará en vigor unha vez cumpridos os requisitos sinalados no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de bases de réxime local na redacción dada pola Lei 39/1994, de 30 de decembro.

Marín, a 13 de febreiro de 2006.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Santiago Fernández.

2006001717

* * *

L A L Í N

E D I C T O

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación co expediente a nome de D. José Manuel Ruibal Vara, Exp. 3290/06, solicita licencia para acondicionamento de local para oficinas e almacén de máquinas recreativas, sito na rúa do Arenal, nº 65 baixo - Lalín.

Lalín, a 2 de febreiro de 2006.—O Alcalde, Xosé Crespo Iglesias.

2006001672

* * *

M E A Ñ O

A N U N C I O

Resolución do 13 de febreiro, do Concello de Meaño (Pontevedra), pola que se anuncia a Oferta de Emprego Público para o exercicio 2006.

Provincia: Pontevedra. Corporación: Meaño. Nº Código Territorial: 36027.

Oferta de Emprego Público correspondente o exercicio 2006, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 13 de febreiro de 2006.

FUNCIONARIO DE CARREIRA

Grupo D, Clasificación: Escala Administración Especial, Subescala: Servicios Especiais, Clase: Po-